

25N: O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia emite a súa Declaración Institucional contra a violencia machista

POR REDACCIÓN GALICIA PUBLICADO 25/11/2025



25 de novembro de 2025

O 25 de novembro é unha data que nos convida a reflexionar e actuar ao redor dunha problemática que afecta a millóns de mulleres en todo o mundo: a violencia de xénero. Esta violencia maniféstase en diversas formas, e na base de todas elas atópanse as violencias simbólicas.

A violencia simbólica no ámbito da violencia de xénero fai referencia a aquelas formas de violencia que se exercen a través de símbolos, estereotipos, desigualdade e a discriminación contra as mulleres, que desvalorizan os seus logros e capacidades. E que limitan a liberdade das mulleres, así como a súa participación na sociedade.

A psicoloxía ten un papel crucial neste enfoque crítico, podemos identificar e romper os estereotipos que perpetúan a desigualdade. É función da psicoloxía promover a igualdade de xénero e a non violencia.

Valoramos tu privacidad

Usamos cookies para mejorar su experiencia de navegación, mostrarle anuncios o contenidos personalizados y analizar nuestro tráfico. Al hacer clic en "Aceptar todo" usted da su consentimiento a nuestro uso de las cookies.

Personalizar

Rechazar todo

Aceptar todo

destes estereotipos e na promoción dunha imaxe da muller que a empodere e a valore na súa diversidade.

É necesario que as institucións, os medios de comunicación e a sociedade en xeral asuman un compromiso real na loita contra a violencia simbólica. Isto implica unha revisión profunda dos contidos que se difunden, así como a implementación de políticas que promovan a igualdade de xénero. A educación xoga un papel fundamental neste proceso; desde a infancia, é esencial ensinar ás novas xeracións a recoñecer e rexeitar calquera forma de violencia, incluíndo a simbólica.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Consejo General de la Psicología facemos un chamado ao colectivo profesional a sensibilizarse sobre este tema e a incorporar nas súas prácticas ferramentas que permitan detectar e abordar a violencia simbólica. A intervención psicolóxica pode contribuír á sanación e fortalecemento das mulleres, axudándoas a reconstruír a súa identidade e autoestima, e a desenvolver unha resistencia fronte ás violencias que enfrontan.

Así mesmo, instamos á sociedade a ser aliada nesta loita. A eliminación da violencia simbólica non é unha tarefa exclusiva das mulleres; é un desafío colectivo.

O Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra as Mulleres lémbra-nos que aínda queda moito por facer. Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e o Consejo General de la Psicología, reafirmamos o noso compromiso de traballar por unha sociedade libre de violencias, na que as mulleres poidan vivir con dignidade, respecto e en igualdade de condicións. É hora de alzar a voz e actuar contra todas as formas de violencia, simbólica e doutro tipo, que afectan as mulleres. Como sociedade, podemos construír un futuro máis xusto e igualitario.

Valoramos tu privacidad

Usamos cookies para mejorar su experiencia de navegación, mostrarle anuncios o contenidos personalizados y analizar nuestro tráfico. Al hacer clic en "Aceptar todo" usted da su consentimiento a nuestro uso de las cookies.